

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DAS NOGAIS PARA O REFORZO DO FIRME DO CAMIÑO MUNICIPAL DENDE A N-VI A CASTELO

Lugo, 2 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Jesús Manuel Núñez Díaz, na súa condición de alcalde do Concello das Nogais, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello das Nogais precisa levar a cabo a mellora do firme dun vial municipal que une a N-VI co núcleo do Castelo co fin de ofrecer unha maior seguridade aos vehículos que circulen por este vial. As obras consisten na apertura e limpeza profunda de cunetas e rasanteo e reforzo da plataforma a base de mestura bituminosa en quente.

Segundo. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas.

Terceiro. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Cuarto. A actuación que pretende realizar o Concello das Nogais consiste basicamente no reforzo do firme a base de mestura bituminosa en quente do camiño municipal dende a N-VI a Castelo.

Quinto. A actuación que pretende realizar o Concello das Nogais é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello das Nogais ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello das Nogais para a mellora do firme dun vial municipal que une a N-VI co núcleo do Castelo.

As actuacións consisten na apertura e limpeza profunda de cunetas e rasanteo e reforzo da plataforma a base de mestura bituminosa en quente do vial municipal de 1.200m de lonxitude e 4,20m de ancho.

O orzamento de execución das obras estímase en cincuenta e sete mil catrocentos trinta e catro euros (**57.434,00 €**), IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello das Nogais cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello das Nogais:

1. Levar a cabo as obras obxecto deste convenio.
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula primeira.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que estas envíen un representante se así o estiman oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **CINCUENTA E SETE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS (57.434,00 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, para o ano 2016.

A Axencia Galega de Infraestruturas aboará ao Concello das Nogais o importe correspondente a anualidade logo da súa xustificación segundo o establecido na cláusula quinta.

O importe consignado para a execución das obras e actuacións previstas obxecto deste convenio inclúe os posibles modificados, revisións de prezos, liquidacións das obras e reposición dos servizos afectados.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello das Nogais xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
- a. O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b. Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - d. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
 - e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
 - g. Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2016. A data límite para a xustificación destes gastos é o 30.11.2016.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello das Nogais, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de

sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SÉXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas, e un representante do Concello das Nogais.

A comisión poderá reunirse as veces que estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula primeira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2016 nas condicións establecidas na cláusula sexta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta
da Axencia Galega de Infraestruturas

O alcade
do Concello das Nogais

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Jesús Manuel Núñez Díaz